

**ANEXO PROGRAMACIÓN 3º ESO
DEPARTAMENTO DE MÚSICA
CURSO 23-24**

1. Relación de unidades didácticas e temporalización

Primeira avaliación:

- A música na Grecia antiga e na Idade Media. A música dos deuses. A teoría musical grega. Os instrumentos na Grecia antiga. Características da música en Grecia. A música medieval relixiosa: monodia y polifonía. A música medieval profana: monodia. Os instrumentos medievais.
- A música no Renacemento. A música relixiosa polifónica do Renacemento. A música profana: madrigal, chanson, villancico. Os instrumentos no Renacemento.

Segunda avaliación:

- A música no Barroco. A música vocal relixiosa e profana no Barroco. A música instrumental: concerto, fuga, suite, sonata. Os instrumentos e a orquestra Barroca.
- O clasicismo musical. A música vocal relixiosa e profana no período Clásico. A música instrumental pura. A orquestra clásica.

Terceira avaliación:

- O Romanticismo musical. A música vocal no Romanticismo: a ópera romántica. Os nacionalismos. A música instrumental e a orquestra no período romántico. O ballet romántico.
- A música no século XX. As vanguardias. A historia da música galega no século XX.
- As novas correntes de vanguardia: minimalismo, dodecafonismo, música serial, electroacústica....

2. Criterios de cualificación:

A puntuación da avaliación repartirase da maneira seguinte:

- Probas teóricas: exames e controis de unidade. Puntuación: 4 puntos.
- Probas prácticas: comentarios de audicións. Puntuación: 3 puntos.
- Rubrica de traballo e actitude na aula. Puntuación: 3 puntos.

As probas teóricas e prácticas valoraranse de 0 a 10 puntos.

Para calcular a cualificación das avaliacións trimestrais terase en conta a nota media das probas teóricas, das probas prácticas e da rúbrica de control. Da nota media dos exames collerase o 40%, das prácticas o 30%, e da rúbrica o 30%. A cualificación da avaliación final do alumno será o resultado que se obteña da nota media das tres avaliacións do curso.

3. Criterios de recuperación:

- Realizaranse probas de recuperación das avaliacións suspensas, que terán lugar, a poder ser, nas dúas primeiras semanas do seguinte trimestre.
- Durante as últimas semanas do curso o departamento facilitará unha serie de actividades de

recuperación e probas para o alumnado que non superou unha parte da materia no seu momento. A superación de ditas actividades e probas propostas acreditarán a recuperación da mesma.

4. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes:

Procedimento:

O alumnado que teña a materia pendente de superar deberá realizar unha serie de tarefas relativas ás unidades didácticas do curso que ten que superar. A realización e entrega das tarefas realizarase de maneira periódica o longo do curso.

Utilizarase a aula virtual para a achega das tarefas e o material que sexa necesario, así como a comunicación co alumnado.

Temporización:

As tarefas dividiranse en dous bloques de contidos: un bloque entregarase con anterioridade ao remate do mes de novembro e outro con anterioridade ao remate do mes de abril.

Cualificación:

As tarefas de cada unha das unidades didácticas terán unha puntuación asignada ata un máximo de dez puntos, considerando unha cualificación positiva o resultado igual ou superior a cinco en cada un dos bloques de contidos. No caso de non obter unha cualificación positiva en cada un dos bloques de contidos, o alumnado deberá superar unha proba escrita que vaise puntuar de cero ata dez puntos. Nestos casos, darase por superada a materia cando a cualificación da proba sexa igual ou superior a 5.